



Concello de Cangas

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 29 de decembro de 2015
HORA DE COMEZO: 18:40 h.
HORA DE REMATE: 19:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

URBANISMO E PATRIMONIO

1º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

1.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

1.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as precep-

tivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmoables e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 23.544.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.305.- A I. R. B., outorgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.244.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.236.- A M. V. H., outorgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.713.- A L. S. S., para en Gruncheiras - Coiro, en solo de núcleo rural, regulado polas ordenanzas 11 e 12, construír unha vivenda unifamiliar de 108,45 m² de semisoto, 124,72 de planta baixa e 36,15 de terrazas, de conformidade co proxecto básico do arquitecto José Diaz de la Iglesia, de setembro de 2.015, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudio de seguridade, a utilizar os materiais] que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 10 de decembro de 2.015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 922,44 euros.

EXPEDIENTE Nº 25.722.- A R. M. P. a e J. M. A. C., para en Praciña de Sínghulis 4 - Cangas, en solo urbano, regulado polo PEPRI, demoler interiormente a edificación conservando as fachadas, reformar en 43,20 m² de planta baixa, 32,72 de primeiro andar e ampliála en 43,20 m² de segundo andar, de conformidade co proxecto básico dos arquitectos Roi Abal, Mario Fernandez e Arturo Lagoa, de outubro de 2005, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudio de

seguridade e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ao exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou *miradores* só poderán levar ao interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

1.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.321.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR D. F. R. V.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 16 de decembro de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a D. F. R. V., para rehabilitación e ampliación de vivenda, sita en Santa Baia 17 - Cangas, construída o abeiro da licenza municipal Nº 24.229.

EXPEDIENTE Nº 25.073.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR F. B. G. B.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 23 de decembro de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a F. B. G. B., para reforma e ampliación de vivenda, sita en Arco 7 - Cangas, construída o abeiro da licenza municipal Nº 24.036.

1.A.3) ARQUIVO DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 12.173.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENZA MUNICIPAL Nº 11.471

A xefa do Servizo de Urbanismo emite o seguinte:

"INFORME-PROPOSTA

Con relación ao expediente relativo á declaración de caducidade da licenza urbanística nº 12.969, concedida a favor de C. R. L., figurando actualmente como novo propietario e interesado J. R. C. DE LA P., que amparaba a construción de unha vivenda unifamiliar no lugar de Punta Couso-O Hío, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 23 de setembro de 1986 a Xunta de Goberno Local outorgou licenza de obras nº 12.969, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Punta Couso-O Hío. Con data 7 de outubro de 2015 o inspector municipal emite informe no que sinala que: 'Pola situación da estrutura de formigón que nos ocupa, esta pertence a Dna. C. R. L.' Evidénciase así o incumprimento dos prazos establecidos na licenza concedida para a execución de obras no predio sito no lugar de Punta Couso-O Hío desta localidade.

SEGUNDO.- Con data 8 de outubro de 2015 foi emitido informe xurídico referente á lexislación aplicable e o procedemento a seguir con relación á declaración de caducidade da licenza urbanística nº12.969.

TERCEIRO.- Por Resolución de Alcaldía de data 8 de outubro de 2015 incoouse expediente para declarar a caducidade da licenza de obras nº 12.969 concedida a C. R. L., figurando actualmente como novo propietario e interesado J. R. C. P.

Notificada ao interesado a iniciación do expediente de caducidade (acuse de recibo 16/10/2015) comunícase por parte do interesado (R.E. Nº 14032 en data 30/10/2015) solicitude de copia do expediente para poder realizar as alegacións oportunas.

Con data 6/11/2015 remíteselle ao interesado oficio onde se lle indica as taxas, coa autoliquidación correspondente, que debe pagar para obter copia do referido expediente.

En data 18/11/2015 o interesado presenta un escrito no que indica que se presentará nas dependencias municipais para examinar o expediente e retirar, se así o considera oportuno, as copias solicitadas.

Transcorrido o prazo concedido en trámite de audiencia e non téndose presentado ningún outro escrito polo interesado procede a formulación de proposta de resolución que se fundamenta nos seguintes argumentos:

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ven establecida por:

- *Os artigos 197 e 208 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- *O artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*
- *O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*
- *A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a declaración de caducidade da licenza urbanística por incumprimento do prazo de remate. O acordo adoptarase pola Xunta de Goberno Local logo da Resolución de Alcaldía do 16 de xuño de 2011, que delega neste órgano o procedemento de concesión de licenzas.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística nº 12.969 concedida a favor de C. R. L., figurando actualmente como novo propietario e interesado J. R. C. P. e a extinción dos seus efectos por incumprimento do prazo de remate das obras estipulado, constatado o incumprimento dos prazos previstos legalmente para o remate das obras.

SEGUNDO.- Advertir que unha vez notificada a declaración de caducidade da licenza, para comezar ou terminar os actos de uso do solo para os que foi concedida, será preciso solicitar e obter unha nova licenza urbanística. En tanto esta non sexa obtida, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens, e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde do concello.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos e dar traslado deste ao Servizo de Inspección Urbanística co fin de que se adopten as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens e en relación coas actuacións non abeiradas por licenza.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar integramente a presente proposta de resolución.

1.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.754.- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para na Devesa-Coiro, executar 14,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248315090102, de data 21 de outubro de 2015 e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de mil trescentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (1.391,38 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.699.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para en Estrada a Donón-O Hío, executar 27,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248315070090, de data 4 de setembro de 2015, e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.238.- H. F. M., reforma cuberta en Romarigo-Coiro.

Expediente nº 25.769.- I. G. B., acondicionamento local na Avda. Moaña, nº 17-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.789.- M. C. S. ampliación fiestra en Camiño Vello de Rodeira, nº 10-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.790.- M. S. V., cambio material cubrición en Camiño Vello de Rodeira, nº 41-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.791.- J. H. M., cerramento en Francón-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.800.- F. L. M., aseo en local comercial en Rúa Real, nº 21-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.802.- P. A. V., reforma de fronte de local na Avda. Méndez Núñez, nº 17-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.883.- R. Y R. C.B., cambio titularidade de café-bar na Avda. Montero Ríos, nº 25-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.887.- A. C. R., cambio titularidade cafetería na Avda. Montero Ríos, nº 27-Cangas.

3º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

3.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 60/2009-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 10.12.2015, referente ao expediente de INFRACIÓN urbanística nº 60/2009-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 60/2009-S

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro do 2015, resulta que:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de L. P. Q. e segundo consta no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de San Roque-Darbo, obras consistentes en ampliación de vivenda arrimada a lindeiro, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo informe do arquitecto municipal obrante no expediente.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador polas obras referidas executadas sen licenza, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2015, dentro do prazo outorgado para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 10 de marzo de 2015, rexistro de entrada nº 2959, L. P. Q. formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido ao efecto nas que:

- Alega a prescrición da infracción, invocando ao disposto no artigo 218 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística que indica que as infraccións graves prescriben no prazo de 6 anos a contar desde a data de finalización das obras (aportan un certificado emitido en data 6 de marzo de 2015).*
- Solicita a suspensión do procedemento sancionador incoado en tanto non se resolva o P.o. nº 519/2014 en trámite no Xulgado do Contencioso nº 1 de Pontevedra, no que recorren a resolución de Alcaldía na que se ordena a demolición das obras executadas sen licenza.*
- Solicita a aplicación de circunstancias atenuantes para rebaixar a sanción impostas e tipificar esta como leve.*

Estas alegacións foron desestimadas na proposta de resolución elaborada polo instrutor do expediente de data 8 de abril de 2015, notificada á interesada en data 20 de abril, concedéndolle un novo prazo de quince días para formular alegacións.

TERCEIRO.- L. P. Q., con data 5 de maio de 2015, rexistro de entrada nº 6058, formula alegacións dentro do prazo conferido ao efecto na que alega:

- *Reitera na súa totalidade as alegacións realizadas en escrito de data 10 de marzo do 2015, sinala que as obras obxecto deste expediente consisten en: 'cubrición de terraza xa existente.'*
- *Se reitera a alegación de prescrición.*
- *Faise protesta de aportar, nun prazo non superior a 20 días, acta notarial de manifestacións referentes á data na que se rematou a obra.*
- *Solicita a suspensión do procedemento e sinala que o competente para tipificar unha infracción é un xurista non un arquitecto.*
- *Indican que a non admisión a proba xera indefensión e que a súa inadmisión non estaba debidamente motivada, solicitaban a comparecencia e declaración perante o instrutor dos técnicos asinantes da certificación que se achega. Incorporan en data 19 de maio acta de manifestacións e referencia.*
- *Estas alegacións foron desestimadas na proposta do instrutor do expediente de data 21 de xullo de 2015, aprobada pola Xunta de Goberno Local realizada o pasado 27 de xullo de 2015, notificándose o acordo en data 10.09.2015.*

CUARTO.- Dentro do prazo conferido ao efectos L. P. Q., con data 1 de outubro do 2015, rexistro de entrada nº 12.608, formula recurso de reposición fronte dito acordo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015: '...Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...'

SEGUNDO.- O artigo 219.1 da LOUG sinala que nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística ás persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor/promotora das obras, propietario/propietaria dos terreos ou empresario/empresaria das obras, e os técnicos/técnicas redactores/redactoras do proxecto e directores/directoras das obras.

Obra no expediente informes do arquitecto municipal de datas 19.03.2015, 20.03.2014 e 28.02.2013, que sinala as obras realizadas están tipificadas como graves, segundo o disposto no artigo 217.3.a) da LOUG e se consideran ilegalizables.

TERCEIRO.- No recurso de reposición interposto reitera na súa totalidade as alegacións formuladas durante a tramitación do expediente, sinala que as obras obxecto deste expediente consisten en: 'cubrición de terraza xa existente', reitera a alegación de prescrición da sanción tendo en conta a acta notarial de manifestación dos/das veciños/veciñas do lugar e do construtor que executou a obra, as actas notariais que constatan manifestacións privadas, carecen de eficacia para probar o que exceda do feito de que sexan emitidas polo seus autores.

O recurso de reposición debe ser desestimado polos seguintes razoamentos:

Visto o artigo 208 da LOUGA: 'Os feitos constatados polo funcionariado da inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística, gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os administrados/administradas'.

Segundo o establecido no artigo 210 do citado texto legal, tomarase como data de finalización das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito. A acta da inspección pola que se pon en coñecemento a realización de obras sen licenza no lugar de San Roque-Darbo, consistentes en ampliación de vivenda, arrimada a lindeiro é de 5 de outubro do 2009.

O prazo para computar a prescrición é o establecido no artigo 218 da LOUG: 'As infraccións urbanísticas moi graves prescribirán aos quince anos, as graves aos seis anos e as leves aos dous anos, a contar desde a finalización das obras ou da actividade'.

As obras obxecto deste expediente están tipificadas como graves polo arquitecto municipal no seu informe de data 20 de marzo de 2014.

Existe unha Resolución de Alcaldía de data 29 de abril de 2014, ditada no expediente de restauración da legalidade urbanística e ordena a demolición das obras de ampliación de vivenda arrimada a lindeiro realizadas en San Roque-Darbo, sen licenza municipal, fronte dita resolución formulouse recurso de reposición desestimada en data 4 de xullo de 2014. Esta resolución foi recorrida perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1, P.o. nº 519/2014.

En virtude do disposto no artigo 132.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da interesada, do procedemento sancionador. O expediente sancionador incoouse en data 09.02.2015, sendo notificado á interesada en data 05.03.2015, polo que a posible prescrición foi interrompida polo dito acordo.

Como ten declarado reiteradamente a xurisprudencia: 'a carga da proba de que transcorreu o prazo de prescrición a soporta, non a Administración senón o/a administrado/administrada, que voluntariamente se colocou nunha situación de clandestinidade na realización dunhas obras e que por tanto creou a dificultade para o coñecemento do 'diez a quo' nese prazo, xa que o principio de boa fe, na súa vertente procesal, impide que o que crea unha situación de ilegalidade poida obter vantaxe das dificultades probatorias orixinadas por esta ilegalidade (Sentenza nº 308/2007 e Sentenza nº 130/2009 do 5 de febreiro de 2009, ambas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).

O certificado aportado pola interesada para acreditar a antigüidade da edificación no que F. M. L. e S. G. F. certifican o 6 de marzo de 2015, que a edificación obxecto de infracción estaba finalizada en data 15.09.2008, aparte de contar con defectos formais, xa que non se trata de ningún documento orixinal nin compulsado emitido con posterioridade á data de terminación da obra, non é outra cousa que unha testemuña compracente á que non cabe darlle valor probatorio como sinala a sentenza nº 920/2009 do TSX de Galicia.

Respecto á solicitude de suspensión do procedemento sancionador incoado en tanto non se resolva o P.o. nº 519/2014 en trámite no Xulgado do Contencioso, nº 1 de Pontevedra, no que recorren a resolución de Alcaldía na que se ordena a demolición das obras executadas sen licenza no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado.

O artigo 7.2 do Real decreto nº 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora establece que: 'Recibida a comunicación e se estima que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que puidera corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento acordará a súa suspensión ata que recaia resolución xudicial.' O procedemento incoado non é en vía penal senón en vía administrativa, polo que non opera o requisito para declarar a suspensión do procedemento sinalado nesta norma.

Cómpre sinalar que a restauración da orde urbanística vulnerada soamente ten efectos no procedemento sancionador se leva a cabo con anterioridade á finalización deste, neste caso se aplicaríase a redución do 80% da sanción imposta. O procedemento sancionador e o de restauración da legalidade urbanística son dous procedementos independentes. Como sinala a sentenza do TSXG nº 652/2008, do 25 de setembro: 'aínda que o expediente en que se dictou é independente do sancionador era esixible, por motivos de obvia racionalidade, que aquel se resolvese antes ou simultaneamente que o sancionador e así se fixo. A impugnación xurisdiccional de acordo de reposición da legalidade urbanística non impide á administración resolver o expediente sancionador, pois non hai norma ningunha que así lo estableza e na medida cautelar referida soamente significa que as actuacións necesarias para a restauración da legalidade non poden seren levadas a cabo.'

Respecto da tipificación da infracción, o arquitecto municipal reitera no seu informe de data 19 de marzo de 2015 a tipificación da infracción como grave, tipificación que consta nos informes de datas 28 de febreiro de 2013 e 20 de marzo de 2014.

Infórmase que en virtude do disposto no artigo 220 da LOUG, a sanción imposta é a mínima prevista na lei. Polo exposto, PROPONSE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por L. P. QUINTELA contra a resolución de data 27 de xullo de 2015 do expediente sancionador Nº 60/2009-S, pola cal se acordou impoñer a L. P. Q. unha sanción de seis mil un euros (6.001,00 €) polas obras realizadas no lugar de San Roque-Darbo (acordo notificado en data 10.09.2015) polos fundamentos xurídicos expostos no corpo desta resolución.

SEGUNDO.- Confirmar a Resolución de 27 de xullo de 2015 en todos os seus termos.

TERCEIRO.- Dar traslado desta resolución ao departamento de Disciplina para que se notifique o acordo á interesada e á Tesourería Municipal.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.º.3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 60/2009-S.

3.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 10/2014-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 14.12.2015, referente ao expediente de INFRACIÓ urbanística nº 10/2014-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 10/2014

PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Mendiña-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cerramento sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: J. L. P. M., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar, a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados, dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Dna. Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, de acordo

co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente, reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e a achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 10/2014-S.

FACENDA

4º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓN XUDICIAIS

4.A) DACIÓN DE CONTA DE PROVIDENCIA DA SECCIÓN 002 DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Dáse conta de providencia ditada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4666/1991 mj, promovida por J. N. V.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da providencia ditada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario nº 4666/1991 mj, promovida por J. N. V.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

5º.- BAIXA DE POSTO NA PRAZA DE ABASTOS

Dase conta de proposta do día 23.12.2015 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a renuncia de J. S. G. ao posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL, SOBRE RENUNCIA DE JOSEFA SANTIAGO GÓMEZ AO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 7 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Por escrito con rexistro de entrada nº 16569 do 21/12/2015, J. S. G., DNI 35280743-P, solicitou a baixa do posto de peixe nº 7 do Mercado Municipal de Abastos.

Visto o disposto no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) relativo as causas de finalización da concesión que prevé como un dos supostos de extinción dos dereitos de ocupación dos postos a 'Renuncia do titular.'

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que: 'á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do concello, os bens obxecto de utilización.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por J. S. G., DNI 35280743-P, á concesión sobre o posto de peixe nº 7 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular, condicionada ao pago do recibo do 4º trimestre do presente ano 2015 e recordándolle que debe abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do concello, os bens obxecto da concesión.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da praza”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a renuncia de J. S. G. ao posto nº 7 de venda de peixe na Praza de Abastos.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á REGULARIZACIÓN DE CEMITERIOS PREEXISTENTES QUE NON CONTAN CON AUTORIZACIÓN SANITARIA

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 28.12.2015, referente a regularización de cemiterios preexistentes que non contan con autorización sanitaria, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á REGULARIZACIÓN DE CEMITERIOS PREEXISTENTES QUE NON CONTAN CON AUTORIZACIÓN SANITARIA

En aplicación do establecido no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, Disposición Adicional Primeira, que contempla a posibilidade de regularizar a situación de cemiterios preexistentes, que, a entrada en vigor do presente decreto, non contasen con autorización sanitaria.

Vista a documentación elaborada polos servizos técnicos na que se contempla a documentación esixida polo Decreto: lugar de emprazamento, superficie e capacidade, instalacións, dependencias, declaración estimada da súa antigüidade, identificación de bens protexidos do inventario xeral do patrimonio, etc., relativa aos seguintes cemiterios de titularidade municipal:

- 1.- O Cemiterio de Darbo*
- 2.- O Cemiterio de Coiro*
- 3.- O Cemiterio de Aldán*
- 4.- O Cemiterio de Cangas*
- 5.- O Cemiterio do Hío*

De acordo co ata aquí exposto esta Alcaldía e do procedemento previsto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, Disposición Adicional Primeira, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Instar á Consellería de Sanidade á emisión da autorización sanitaria dos cemiterios de Cangas, O Hío, Coiro, Darbo e Aldán, de conformidade do procedemento previsto na Disposición Adicional Primeira do Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por un prazo de VINTE DÍAS mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co previsto no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a regularización de cemiterios preexistentes que non contan con autorización sanitaria.

B) SOLICITUDE DE G. L. A. B. S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

B.1) SOLICITUDE PRESENTADA POR G. L. A. B. (CAFETERÍA "CANGAÇEIRO"), para a ocupación de 16,00 m²., con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 13-Cangas, á beira do establecemento, durante o período que vai do 31 de outubro do ano 2015 ata o 1 de outubro do ano que andamos e, así mesmo, denégase a ocupación pretendida detrás do local, por non ter esta vía a anchura necesaria, segundo a ordenanza para poder ocupar a vía pública coa instalación de mesas e cadeiras.

Pte. revisar condicións xenéricas.

CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostalería destinadas ao consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ao que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2015, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostalería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de revogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha soa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

C) INFORMES DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS VARIAS

C.1) INFORME S/RETIRADA DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO

Dase conta de informe da Policía Local emitido o día 14.12.2015, referente a retirada de tarxeta de estacionamento, que é como segue:

"A xefatura da Policía Local de Cangas ten a ben informar:

Que visto o informe nº 1769/15 do servizo nocturno e unha vez feitas as comprobacións oportunas, propónse a retirada da tarxeta (Seat Ibiza 2603 HDR) da zona peonil da que se xunta fotocopia ao seu titular, por considerar que non se axusta a ningún dos criterios establecidos na actual ordenanza e ademais permite o estacionamento fóra dos horarios e condicións previstas nesta sen xustificación legal prevista.

No seu día xa se deu conta da actuación por parte do servizo nocturno, da xefatura e da concellería de tráfico sen que se procedera a resolver.

Tamén se propón a comunicación ao servizo xurídico do concello por se se considerase algunha irregularidade na concesión desta.

Téñase en conta que por parte da policía estase denunciando na zona peonil, agás neste caso concreto con base no escrito da Alcaldía que tamén se achega."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Remitir ao departamento de Apoio Xurídico, o informe da Policía Local achegado dos documentos mencionados, para a súa tramitación.

C.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS

Dáse conta de informe da Policía Local emitido o día 8.10.2015, referente a sinalizacións varias, que di o seguinte:

"RS.-1682/15

A xefatura da policía local de Cangas por medio do presente, informa:

Que na pasada semana mantívose xuntanza coa nova directiva de taxistas de Cangas, tratando entre outros asuntos os seguintes relativos a sinalización que debe ser aprobada pola autoridade municipal.

1.- PARADA DE MÉNDEZ NÚÑEZ.- Acórdase colocar sinais de prohibido estacionar agás taxis de 23:00 a 9:00 horas, retirando a parada permanente xa que polo día non hai practicamente taxis.

Deste xeito posibilitábase que os turismos poidan aparcar polo día nunha zona de moita actividade comercial e próxima ao concello.

2.- PARADA PRAZA DE ABASTOS.- Acórdase a mesma situación que no caso anterior, retirando a parada permanente e colocando sinais de prohibido estacionar agás taxis de 9,00 a 14,00 horas de luns a venres.

Con esta situación tamén se gaña este espazo para turismos ou furgóns o resto do día e fins de semana e festivos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente e que pola Oficina Técnica Municipal, para a súa tramitación.

D) SOLICITUDE Á CONSERVEIRA LAGO PAGANINI S/PARCELA EN OJEA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar da conserveira Lago Paganini, a parcela lindante co estacionamento de Ojea, tendo en conta o documento adxunto remitido polo servizo de costas de Pontevedra, no que se dá conta da actual situación de concesión ata xullo de 2018.

O concello destinará o espazo para acceso restrinxido a vendedores da praza de abastos, coa debida sinalización e concesión de tarxetas.

SEGUNDO.- Ordénase Á Brigada de Obras e Servizos que proceda ao acondicionamento e sinalización da zona, logo de ter confirmado a autorización da empresa concesionaria.

TERCEIRO.- O concello de Cangas comprométese ao mantemento do espazo e faise cargo de calquera dano ou perda que poida ocasionarse, facultando ao Sr. alcalde-presidente para asinar o compromiso coa empresa Lago Paganini, que mantén o dereito a recuperar a parcela cando o estime conveniente.

E) ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión do día 19 de novembro de 2015 aprobou, entre outros, a proposta de concesión de

subvencións a conservatorios de música públicos non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con cargo á aplicación 15/330.3260.462.04 do vixente orzamento provincial, correspondéndolle a ese concello a cantidade de 16.363,00 euros para "GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA".

Para poder percibila deberá xustificar a axuda concedida antes do 31 de marzo de 2016, remitindo:

Conta xustificativa, asinada polo secretario ou polo interventor, na que se relacionen os gastos de funcionamento do conservatorio, axustándose ós conceptos establecidos no orzamento remitido coa solicitude.

Declaración de que os xustificantes están a disposición da Deputación para a súa comprobación que os gastos son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada e que o importe das axudas concedidas non superan o importe total do orzamento consignado para os gastos de funcionamento do Conservatorio

Acreditar a debida difusión mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte da Deputación para esta actividade

F) ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRAS/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión do día 19 de novembro de 2015 aprobou, entre outros, a proposta de concesión de subvencións a escolas de música públicas, con cargo á aplicación 15/330.3260.462.06 do vixente orzamento provincial, correspondéndolle a ese concello a cantidade de 8.017,00 euros para "GASTOS DE FUNCIONAMIENTO DA ESCOLA DE MÚSICA".

Para poder percibila deberá xustificar a axuda concedida antes do 31 de marzo de 2016, remitindo:

Conta xustificativa, asinada polo secretario ou polo interventor, na que se relacionen os gastos de funcionamento da escola de música, axustándose ós conceptos establecidos no orzamento remitido coa solicitude

Declaración de que os xustificantes están a disposición da Deputación para a súa comprobación, que os gastos son reais e se aplicaron á finalidade da subvención e que o importe das axudas concedidas non superan o importe total do orzamento consignado para os gastos de funcionamento da escola de música.

Acreditar a debida difusión mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento por parte da Deputación para esta actividade

Achégase modelo de conta xustificativa a cumprimentar.

G) PROPOSTAS DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

G.1) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle o servizo de Axuda no Fogar a don R. B. P. con expediente 36008/01/000027-28344 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atención de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Número de horas mensuais: 15 horas

Custo do servizo: 183,90 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 1157,53 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de 3,30 €/ hora.

Achega económica da persoa usuaria: 49,47 euros/mes.

Data prevista de alta no SAF: 4 de xaneiro de 2016.

Cangas, 28 de decembro de 2015

O xefe de servizo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

G.2) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

PROPOSTA DE RESOLUCION

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle o servizo de Axuda no Fogar a don A. P. H. con expediente 36008/01/002757-44501 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atención de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Número de horas mensuais: 8 horas Custo do servizo: 98,08 € (12,26 €/ hora).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 914,49 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de 2,58 €/ hora.

Achega económica da persoa usuaria: 20, 64 euros/mes.

Data prevista de alta no SAF: 29 de decembro de 2015.

Cangas, 28 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

G.3) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 23.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle o servizo de Axuda a Domicilio a don J. C. M. con expediente 36008/01/001087 poia quenda de libre concurrencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter psicosocial.
- « Atencións de carácter doméstico.

Número de horas mensuais: 12 horas.

Guste total do servizo: 155,52 € (12,96 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual é de 428,05 € cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de 0 €/hora.

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

O servizo de SAF iniciarase o 04 de xaneiro de 2016.

Cangas a 23 de decembro de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

G.4) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SERVICIO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle o servizo de Axuda no Fogar a don F. S. S. con expediente 36008/01/002356 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atención de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Número de horas mensuais: 15 horas Custo do servizo: 183,90 euros (12,26 €/ hora).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 399,38 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custe do servizo de 0,00 €/ hora.

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 euros/ mes.

Data prevista de alta no SAF: 4 de xaneiro de 2015.

Cangas, 28 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

G.5) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SERVICIO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 28.12.2015, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle a ampliación do servizo de Axuda no Fogar a dona M. B. G. A., con expediente 36008/01/002554- VI 0000039045 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atención de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Número de horas mensuais: 45 horas Custo do servizo: 551,70 € (12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 705,93 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o coste do servizo de 1,85 €/ hora.

Achega económica da persoa usuaria: 83,25 euros/mes.

Data prevista de alta no SAF: 4 de xaneiro de 2016.

Cangas, 28 de decembro de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

H) SOLICITUDE DE M. C. S. B. S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE FESTAS NAVIDEÑAS

Visto o escrito presentado en data 22.12.2015 por M^a del Carmen Santomé Bastos, no que solicita autorización municipal para a realización de diversos

eventos navideños os días de Nadal, Fin de Ano e de Reis, no local que rexenta en Rúa Barbate, nº 3-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar a solicitude da Sra. Santomé Bastos.

I) ESCRITO DE C. C. X. S/CESIÓN DE OBRAS

Visto o escrito presentado o día 15.12.2015 por C. C. X., no que indica que no seu día realizou cesou de varias pezas artísticas da súa creación, polo que solicita a devolución da obra "MATERNIDADE", por ser esta unha cesión temporal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar autorizar a devolución da obra indicada.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente